

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN E O INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA PARA A IMPLEMENTACIÓN, REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DA BASE DE DATOS DA CONSTRUCCIÓN NO PERÍODO 2023-2026.

REUNIDOS

Por unha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude das atribucións que lle confire o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento (DOG nº 94, do 16 de maio), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 2 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en virtude das atribucións que lle confire o Decreto 60/2022, do 15 de maio, antes citado, na súa calidade de presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante, AXI), segundo o disposto no artigo 9 do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da AXI (DOG nº 163, de 26 de agosto).

Doutra, Diego Vázquez Reino, na súa calidade de presidente da Federación Galega da Construcción (en adiante, FGC), cargo para o cal foi elixido na asemblea Xeral da FGC celebrada a 6 de outubro de 2021, actuando en representación das facultades que lle atribúen o artigo 30 dos Estatutos dita entidade.

E doutra, Antonio Couceiro Méndez, na súa calidade de presidente do Instituto Tecnológico de Galicia (en adiante, ITG), en virtude do acordo do seu padroado de 18 de decembro de 2014.

As partes recoñécense mutuamente capacidade para a formalización do presente convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións, con entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en relación co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- Que o IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, así como de actuar como elemento regulador do mercado inmobiliario, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, podendo, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.



O IGVS, tal e como establece o artigo 17.1 j) e k) do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS, correspóndelle á Dirección Técnica de Solo, Edificación e Calidade do IGVS, entre outras funcións, o seguimento da aplicación do Código técnico da edificación e a proposta para ao seu desenvolvemento normativo adaptado ás características da edificación en Galicia, así como o establecemento de estándares técnicos e, en xeral, a acreditación das recomendacións que se establezan no relativo a materiais, procesos e sistemas construtivos.

Que o IGVS e o ITG colaboran dende fai anos na realización dun banco de datos de prezos da construción e edificación de Galicia (en adiante, BDCG), así como na revisión, actualización, ampliación, edición e publicación do dito banco de datos.

Terceiro.- A AXI ten entre as súas atribucións a redacción de estudos, anteprojectos ou proxectos e a coordinación, xestión e control da construción das infraestruturas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as súas incidencias.

Que a AXI conta cun banco de unidades de prezos de referencia para os proxectos de obra civil, publicado na súa web no ano 2021 e que se actualizou a primeiros deste 2022.

Cuarto.- Que a FGC ten entre os seus fins estatutarios propiciar o desenvolvemento do sector da construción na Comunidade Autónoma de Galicia as medidas e iniciativas que tendan á ordenación e perfeccionamento do sector, así como todas aquelas que afecten de xeito directo ou indirecto ó desenvolvemento e evolución do sector da construción en Galicia.

A FGC considera necesario servir de enlace entre a administración e o tecido empresarial da construción, ademais de ser coñecedor en primeira man da realidade do mercado e dos factores que poden influír na flutuación dos prezos de este sector concreto.

Quinto.- Que o ITG é unha Fundación constituída ao amparo da Lei 7/83, do 22 de xuño, declarada de interese galego pola Orde 18 de xuño de 1991 e figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co nº 1991/6.

Entre as actividades do ITG descritas nos seus estatutos destacan, entre outras, a investigación e a construción de bancos de datos, así como a súa explotación, o desenvolvemento da tecnoloxía da construción e a colaboración coa a administración pública en materia tecnolóxica.

Sexto.- Que todos as partes que interveñen neste convenio consideran necesario que exista unha base de prezos homoxénea, integrada e adaptada ás circunstancias e tipo de obras que se xestionan dende a administración, co fin de que as distintas unidades técnicas da Xunta de Galicia contén cunha información que serva de referencia para o cálculo de custes, para a redacción dos proxectos e para as licitacións de obras.

Dado que xa existe unha base de datos (BDCG) para edificación e urbanización, froito dos convenios asinados entre o IGVS e o ITG, cuxa titularidade é compartida por ambas entidades, as



partes asinantes do convenio consideran necesario implementar o seu contido, de acordo coas necesidades dos interesados, integrando a base de datos da AXI, que soamente contén prezos de urbanización, así como procede a súa actualización e revisión periódica. Para poder integrar esta base da AXI é preciso, como primeira tarefa, a parametrización dos seus datos, co obxecto de homoxeneizala e conseguir que sexa máis específica e precisa.

Ademais, na situación actual de crise enerxética, os prezos dos materiais, produtos e sistemas de construción, así como determinados servizos de este sector sofren un incremento do seu importe, motivado fundamentalmente polo aumento do seu coste de fabricación e transporte, o que supón certa incertidume que convén minimizar, na medida do posible, para os efectos da redacción dos proxectos e da licitación das obras, razóns polas cales se considera necesario que estas revisións se fagan de xeito semestral.

Por todo iso, as partes asinan este convenio conforme ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre as partes asinantes, o IGVS, a AXI, a FGC e o ITG, para a integración na BDCG do banco de datos da AXI, así como a súa ampliación, revisión e actualización periódica dos seus prezos e produtos de construción, o que servirá de base para introducir ou modificar partidas ou materiais na citada BDCG.

A propiedade desta base de datos, na actualidade do IGVS e do ITG, pasará a ser tamén da AXI.

Segunda.- Contido, actividades e desenvolvemento

Para a materialización do obxecto do presente convenio realizaranse as seguintes actividades:

- Integración do banco de datos da AXI na BDCG.
- Actualización de contidos da BDCG: actualización de prezos, redacción de novas unidades de obra e partidas, revisión e actualización de pregos de condicións e documentación asociada.
- Publicación semestral de ficheiros FIEBDC (en galego e en castelán) para a súa descarga gratuíta.

Para o desenvolvemento destas actividades é preciso realizar as seguintes tarefas:

- 0.- A parametrización do banco de prezos da AXI e a conversión a formato FIEBDC para a súa integración na BDCG existente.
- 1.- A adopción dos criterios e a determinación das actuacións concretas sobre os contidos da BDCG no período correspondente.
- 2.- A captura e análise de información, solicitude de tarifas e a revisión das modificacións existentes na normativa para identificar os cambios que sexan precisos introducir na base de datos.
- 3.- O desenvolvemento dos contidos mediante a elaboración das distintas unidades de obra.
- 4.- A actualización de prezos.
- 5.- A transformación a Formato FIEBDC.



6.- A validación cos programas de orzamentos mais empregados e a introdución dos axustes precisos.

7.- O desenvolvemento da documentación vinculada á base de datos (preámbulo, índices, pregos de prescricións, etc.).

8.- A elaboración da BDCG en versións galega e castelán.

Ditas tarefas realizáranse no seguinte marco temporal:

- A firma do convenio realizarase a tarefa 0; de xeito semestral realizaranse as tarefas 2, 4, 5, 6, 7 e 8; e anualmente realizaranse as tarefas 1, e 3.

Terceira.- Grupo de traballo

Para a consecución do convenio crearase un grupo de traballo, constituído por dous técnicos do IGVS, dous técnicos da AXI, un representante da FGC e cinco técnicos do ITG. Os técnicos que formarán parte de este grupo de traballo serán nomeados polo presidente do organismo correspondente.

Neste grupo de traballo repartiranse as tarefas a realizar, nos seguintes apartados:

A) Tarefas 1 e 3.- Participación dos técnicos do IGVS, AXI, FGC e ITG.

B) Tarefas 0, 2, 4, 5, 6, 7 e 8.- Participación dos técnicos do ITG.

Cuarta.- Contido económico

Dado que as tarefas do convenio correspondentes ao apartado B) da cláusula terceira serán desenvoltas na súa maior parte polo ITG, procede, como contrapartida, o aboamento por parte do IGVS e a AXI dos traballos correspondentes.

Para valorar o custo das tarefas obxecto deste convenio, tendo en conta o persoal que se considera necesario para levar a cabo cada unha das actividades elaboradas exclusivamente polo ITG e o tempo estimado, de acordo coas seguintes táboas:

Para a tarefa 0.- Integración da BD AXI na BDCG, realizarase unicamente ao inicio do convenio.

Persoal	Horas	Coste/hora	Total s/IVE	Total (IVE incluído)
D. Técnico	72,32	45 €	3.254,40 €	
Técnico Senior	287,52	30 €	8.625,60 €	
Técnico Junior 1	640	20 €	12.800,00 €	
Técnico Junior 2	640	20 €	12.800,00 €	
Técnico Junior 3	640	18 €	11.520,00 €	
TOTAL			49.000,00 €	59.290,00 €

Para as tarefas 2, 4, 5, 6, 7 e 8.- actualización e revisión da BDCG, que se realizaran dende o inicio do convenio ata a finalización do mesmo, de xeito semestral



Persoal	Horas	Coste/hora	Total (s/IVA)	Total (IVE incluído)
D. Técnico	93,00	45 €	4.185,00 €	
Técnico Senior	183,00	30 €	5.490,00 €	
Técnico Junior 1	892,00	20 €	17.840,00 €	
Técnico Junior 2	358,25	20 €	7.165,00 €	
Técnico Junior 3	365,00	18 €	6.570,00 €	
TOTAL SEMESTRE			41.250,00 €	49.912,50 €

De acordo co período temporal deste convenio e os traballos a realizar integramente polo ITG, o custe comprometido total repartido nas seguintes cantidades por anualidade, IVE engadido:

	2023	2024	2025	2026
1º semestre	59.290,00 €			
	49.912,50 €	49.912,50 €	49.912,50 €	49.912,50 €
2º semestre	49.912,50 €	49.912,50 €	49.912,50 €	49.912,50 €
TOTAL	159.115,00 €	99.825,00 €	99.825,00 €	99.825,00 €

Ditas cantidades suman un importe total de 458.590,00 euros (IVE incluído), correspondendo o 50% ao IGVS, con cargo á aplicación orzamentaria 08.81.451A.640.0 e ao proxecto 2015 00012 e o outro 50% a AXI, con cargo á aplicación 09.A1.512B.640.1 e o proxecto: 2007 282.

Dado que o Convenio será iniciado no vindeiro exercicio 2023, a execución do gasto non poderá realizarse no exercicio corrente, polo que procede a tramitación anticipada do expediente de gasto, de conformidade co establecido no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda de 11 de febreiro de 1998, modificada polas Ordes de 27 de novembro de 2000 e de 25 de outubro de 2001, quedando a súa eficacia condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Consecuentemente correspóndelle ao IGVS e á AXI o pagamento de 229.295,00 euros, IVE engadido, a cada un deles e distribuídos nas seguintes anualidades:

	2023		2024		2025		2026	
	Importe sen IVE	Importe con IVE	Importe sen IVE	Importe con IVE	Importe sen IVE	Importe con IVE	Importe sen IVE	Importe con IVE
1º semestre	32.875,00€	54.601,25€	20.625,00€	24.956,25 €	20.625,00€	24.956,25 €	20.625,00€	24.956,25 €
2º semestre	32.875,00€	24.956,25€	20.625,00€	24.956,25 €	20.625,00€	24.956,25 €	20.625,00€	24.956,25 €
TOTAL	65.750,00€	79.557,50€	41.250,00€	49.912,50€	41.250,00€	49.912,50€	41.250,00€	49.912,50€

Quinta.- Pagamento e xustificación

Os pagamentos realizaranse semestrais, unha vez xustificada a realización das distintas tarefas realizadas, mediante a entrega da documentación sinalada na cláusula segunda, e logo da presentación da seguinte documentación:



- Memoria xustificativa que comprenda a totalidade dos traballos realizados e os documentos que conteñan ditos traballos correspondentes ao semestre.
- Certificación acreditativa dos gastos realizados, expedida pola persoa representante do ITG, na que se indicará de forma expresa que para a súa execución se destinaron os fondos achegados a través deste convenio.
- Declaración de que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma.
- No caso de realización de gastos distintos aos do propio persoal do ITG, documentos xustificativos destes gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como compensable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento e documentación xustificativa da solicitude de tres ofertas nos gastos que sexan subcontratados por importe superior a 15.000 euros (IVE engadido).

O ITG deberá presentar a dita documentación en formato dixital e cunha antelación mínima de quince días antes de finalizar cada semestre, de xeito electrónico a través da sede electrónica da xunta.

Sexta.- Comisión Técnica de Seguimento

Con obxecto de coordinar estes traballos, crearase unha Comisión Técnica de Seguimento, que estará integrada por dous representantes de cada organismo, nomeados polos directores correspondentes, polo Presidente da FGC e polo Presidente do ITG, en cada caso.

Á Comisión Técnica de Seguimento corresponderanlle as seguintes funcións:

- A prestación da asistencia técnica aos grupos de traballo encargados da execución das actuacións.
- O seguimento permanente do desenvolvemento das actuacións realizadas en cada unha das fases de execución dos traballos obxecto do presente convenio.
- A revisión dos traballos elaborados e a aprobación, no seu caso, dos mesmos.
- Resolver as dúbidas que xurdan en relación á interpretación e aplicación do convenio.

Sétima.- Prazo de vixencia

A vixencia do presente convenio será desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2026.

Oitava.- Resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O transcurso do seu prazo de vixencia.
- a) O acordo unánime de todos os asinantes
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.



Novena.- Consecuencias do incumprimento das obrigas

O incumprimento das obrigas asumidas en virtude do convenio dará lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades abonadas ata ese momento, así como ao abono dos danos e prexuízos que se puideron ocasionar como consecuencia de dito incumprimento.

Décima.- Réxime xurídico

Ao presente Convenio seralle de aplicación o disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. En consecuencia, non lle é de aplicación a lexislación de contratos das Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Décima primeira .- Datos de carácter persoal

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décima segunda.- Divulgación dos traballos deste convenio

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

Os resultados serán públicos, a BDCG será gratuita e poderase descargar por todas as persoas interesados dende as páxinas web de cada entidade que forma parte deste convenio.

De conformidade co estipulado, as partes asinan este convenio.

Polo Instituto Galego de Vivenda e Solo
Ángeles Vázquez Mejuto

Pola Axencia Galega de Infraestruturas
Ethel Mª Vázquez Mourelle

Pola Federación Galega da Construción
Diego Vázquez Reino

Polo Instituto Tecnolóxico de Galicia
Antonio Couceiro Méndez

